

Compostela, 4 - II - 76

Querido Luis:

De Sargadelos enviáronme o espléndido "Insectario" que con tanto entusiasmo editou e prologou o Raimundo Patiño. Tanto anos vivando en facer edicións como ésta, ten que se sentir feliz ao presentar, prologada por el, unha colección de gravados teus. E eu tamén me alegrei moito de ver que leva adiante unhas arelas editoriais das que xa me falaba afeveradamente hai bastantes anos.

Os gravados son fermosos. Resulta unha boa colección de insectos ennobrecidos polo arte, que mesmo os humaniza. Ramallos, Caracolas, Insectos, Pulpo, seres moi presentes no noso mundo vital que agora estarán tamén moi presentes no noso mundo cultural polo miragre do arte. Do teu arte.

Por aquí non hai grandes novidades. Bon, das novidades políticas cóido que vos informarán os xornais de alí. O que non sei ni saberás e este noticie sei que che agrada, é que a Fundación Barrié outorgoulle a Blanes Amor unha beca vitalicia de 250.000 pts anuales. Tamén a Otero Pedrayo e máis ao Artasa Malvárez. E por iniciativa do Laxeiro vanlle facer ao Eduardo un homenaxe os pintores, que consistirá nunha exposición en Vigo na que o importe das vendas será para o escritor homenaxeado. Supoño que, nestes días, estará feliz.

Apertas nosas para os dous

Ramón